


FERRAMENTAS PARA ANÁLISE AUDIOVISUAL – PLANOS DE INTERPRETACIÓN

As obras de arte conteñen moitas capas ou planos de significado, tanto obxectivo (por exemplo a análise técnica, descritiva) coma subxectivo (as obras de arte chegan de maneira distinta a cada persoa, e cada persoa pode interpretalas de xeito distinto, en especial dende o punto de vista emocional; pero tamén pode equivocarse na interpretación).



PLANO AUDIOVISUAL: o significado obvio, técnico, o que vemos e escoitamos. Significado obxectivo. Para analízalo usamos os termos técnicos, descritivos, e podemos facelo a anacos, por partes. Pero se a obra non é superficial non quedará ben explicada no seu conxunto.

PLANO NARRATIVO: partindo da obra no seu conxunto podemos interpretar **a idea narrativa** (elemento matriz da obra), o **conflito dramático** do “protagonista”, o seu perfil psicolóxico, sociolóxico e biográfico, a resolución do conflito (nunha canción non ten por que haber), os puntos de xiro...As obras máis interesantes e menos superficiais mostran un plano narrativo con unha estrutura complexa ou innovadora.

PLANO SIMBÓLICO: é o máis difícil de analizar (require estudos ;-). Parte do significado estará oculto en símbolos e recursos do medio artístico: metáforas, analoxías, códigos ou convencións...Este plano aporta o **tema ou temática da obra** e un código ou **clave de lectura**. Con esta clave pode reinterpretarse o plano narrativo e o audiovisual (ou sexa, podes entendelos mellor).

PLANO EMOCIONAL: aínda que moitas veces non se cita, o propósito das obras de arte é relativo ás emocións humanas (crear emocións ou modificalas). Indicar as emocións que procura unha obra pode facerse dende calquera dos planos e, ao tempo, isto axuda a profundar neses planos.

Exercicio: da canción que vaias facer o videoclip con fotos indica o tema ou temática central (de que vai a canción, a clave de lectura), a idea narrativa, o conflito dramático, o protagonista (adoita ser o cantante) e algunha información relevante, xunto coa letra.